CONCELLO DE PONTEVEDRA

SECRETARÍA

Acta número: 13	Pleno do Concello	
Data da sesión: 19.10.2020	Carácter: Ordinaria	Convocatoria: Primeira
Lugar: Teatro Principal		Hora: 12:07

Asistentes

Presencial: Presidente/a: Miguel Anxo Fernández Lores
Eva María Villaverde Pego Demetrio Gómez Xunqueira Cesareo Mosquera Lorenzo María Carmen da Silva Méndez Maria do Carme Fouces Díaz Luis Alberto Oubiña Piay María do Pilar Comesaña Hermida Xaquín Moreda González Rafael Domínguez Artime María José Pardo Pumar Pablo Fernández López Gerardo Ramón Pérez Puga Martín Martínez Silva Silvia Junco Martínez Guillermo Juncal Peñas Juan Manuel Muñoz Cerrada Agustín Fernández González María Gloria Blanco Rial Iván Puentes Rivera Marcos Rey Pazos Gregorio Revenga Portela Videoconferencia: Anabel Gulías Torreiro Raimundo González Carballo (incorpórase no punto 8 da orde do día) Ana Isabel Vázquez Reboredo (incorpórase no punto 7 da orde do día)
Secretario: José Carlos Castiñeira Piñeiro
Interventora: Blanca Vega Lorenzo

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Sr. Alcalde-Presidente,** declara constituída e aberta a sesión.

Indica que debido a motivos técnicos a sesión no poderá ser retransmitida en directo.

ORDE DO DÍA

A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 21.09.2020

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:PDBSG750KUGVBSFK

(CSV: RE3Z9PB7FDXCFPL9).

Dáse conta do borrador da acta que figura no asunto, que é aprobado por unanimidade (23) e sen modificación ningunha.

B) PARTE RESOLUTIVA:

2.- DISOLUCIÓN E SUPRESIÓN DO ORGANISMO AUTÓNOMO PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS. 2020/XENSEC/000038.

De orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame favorable emitido pola Comisión de Réxime Interior, Persoal, Participación e Xustiza, na sesión de 14.10.2020, sobre a memoria xustificativa e inicio do expediente de disolución e supresión ou extinción do Pazo de Congresos e Exposicións deste Concello (CSV 4D0RBWHEYXZP9JU5), aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria da mesma data.

(A continuación prodúcese o debate)

Rematado o debate, realízase votación ordinaria sendo o seu resultado:
En contra: 8 (8 PP)
A favor: 15 (10 BNG; 4 PSOE; e 1 Non adscrito)

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, aproba a amentado proxecto de acordo e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente os seguintes acordos:

1.- A disolución e supresión do organismo autónomo local denominado “Palacio de Congresos e Exposiciones (Pazo de Congresos e Exposicións), quedando extinguida a súa personalidade xurídica e derrogados os seus estatutos con efectos do 31 de decembro de 2020.

2.- Asumir as competencias e servizos que ten atribuídas actualmente o Palacio de Congresos e Exposiciones (Pazo de Congresos e Exposicións), con data 1 de xaneiro de 2021, baixo a modalidade de xestión directa, adscrito á concellería competente en materia de cultura.

3.- Suceder ao organismo autónomo mencionado, con data 1 de xaneiro de 2021, con carácter universal subrogándose en todos os dereitos e obrigas que tras a disolución do organismo autónomo, queden pendentes.

4.- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 2020, incorporaranse ao orzamento municipal con efectos do 1 de xaneiro de 2021.

5.- Proceder ao peche e cancelación das contas bancarias a nome do Palacio de Congresos e Exposiciones (Pazo de Congresos e Exposicións), con efectos do día 31 de decembro de 2020.

6.- Que se proceda a liquidación económica do organismo autónomo Palacio de Congresos e Exposiciones (Pazo de Congresos e Exposicións), realizándose as operacións orzamentarias preceptivas, subrogándose o Concello en canto resulte de aquela, integrando a contabilidade do organismo dentro da do Concello e que se proceda a oportuna previsión no orzamento municipal para o 1 de xaneiro de 2021, ao obxecto de garantir a xestión e prestación directa dos servizos.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:PDBSG750KUGVBSFK

7.- Excepto a Directora xerente do organismo autónomo, cuxo cese vaise producir antes do día 31 de decembro de 2020 tendo en conta o xa sinalado anteriormente, integrar con efectos do 1 de xaneiro de 2020, aos empregados públicos do Palacio de Congresos e Exposiciones (Pazo de Congresos e Exposicións), no cadro de persoal e na relación de postos de traballo do Concello de Pontevedra, conservando as actuais condicións laborais, subrogando o Concello de Pontevedra en todos os dereitos e obrigas laborais e de Seguridade Social, todo isto de conformidade co artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto de traballadores. A estes efectos, e por razóns de simplicidade e eficacia, modificase o cadro de persoal no seguinte senso de trasladar todas as prazas e postos do organismo autónomo Palacio de Congresos e Exposiciones (Pazo de Congresos e Exposicións), ao do cadro de persoal do Concello de Pontevedra, de tal forma que:

- Se incrementa no cadro de persoal funcionario unha praza de subalterno da subescala subalterna da escala de administración xeral.

- Se crean 3 postos de persoal laboral, no novo Servizo de Infraestruturas Culturais que se pretende crear, quedando da seguinte forma:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NUMERO DE POSTOS	CARÁCTER	OBSERVACIÓNS
SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS CULTURAIS			
Técnico Mantemento	1	Fixo	
Auxiliar Administrativo	1	Fixo	
Subalterno	1	Fixo	

- Se suprime o cadro de persoal do organismo autónomo Pazo de Congresos e Exposic ións con efectos do día 31 de decembro de 2020, entre cuxos postos esta o de directora xerente.

Así mesmo, polo xa exposto na exposición de motivos, crease unha praza de técnico de infraestruturas culturais da subescala técnica da escala de administración especial con efectos do 1 de xaneiro de 2021.

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL:			
a) Subescala Técnica			
Clase: Técnicos Superiores			
Técnico	A1	1	

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local deberá modificar a relación de postos de traballo para adaptarse á supresión do organismo autónomo e a integración do persoal deste, recollendo un novo Servizo de Infraestruturas Culturais.

8.- Con data 1 de xaneiro de 2021, todos os bens municipais que foron adscritos ao “Palacio de Congresos e Exposiciones (Pazo de Congresos e Exposicións), para o cumprimento dos seus fins e a correcta prestación dos servizos deste, reverterán ao patrimonio municipal, así como todos aqueles que adquirise o organismo autónomo por calquera título lexítimo, e os recursos e dereitos que poida dispoñer no momento da disolución.

9.- Que o Concello de Pontevedra, con efectos do día 1 de xaneiro de 2021, asuma todos os dereitos e obrigas contractuais derivados dos contratos de obras, servizos, subministros, convenios e calquera outro vixente a data de disolución.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:PDBSG750KUGVBSFK

10.- Que o Concello de Pontevedra, a partir do 1 de xaneiro de 2021, continuará coa tramitación do proceso de selección dunha praza de subalterno da subescala subalterna da escala de administración xeral, cuxas bases se titulan "convocatoria proceso selectivo dunha praza de subalterno, quenda libre, contida na oferta de emprego público do Pazo de Congresos e Exposicións do ano 2017" e que se publicaron no BOP de data 29 de xaneiro de 2020. Todas as referencias que se fagan nelas á Presidencia do organismo autónomo deben entenderse realizadas o Alcalde ou concelleiro en quen delegue. Así mesmo, en relación a este proceso:

- O posto que se cubrirá con este proceso de selección debe ser o de subalterno que se crea no novo Servizo de Infraestruturas Culturais e unha praza de subalterno.

- A funcionaria interina ocupante da praza convocada de subalterno continuará desempeñando a súa praza e posto de subalterno e no caso de cese por finalización do proceso selectivo de funcionario de carreira, este só se producirá cando finalice o proceso selectivo que foi convocado polo organismo autónomo e que rematará ou finalizará o Concello.

11.- Comunicar ao Rexistro de entidades locais a extinción do organismo autónomo con efectos do día 31 de decembro de 2020, así como aos demais organismos que procedan, entre os que están a Dirección Xeral de Administración Local da Comunidade Autónoma, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a Axencia Tributaria, a Seguridade Social, o Instituto Nacional de Estatística.

12.- Facultar a Alcaldía para realizar todas as operacións necesarias, tanto xurídicas como materiais, e asinar cantos documentos sexan necesarios para que se realice a transferencia dos medios humanos e materiais adscritos ao organismo autónomo que se asumen directamente polo Concello de Pontevedra, realizar as oportunas xestións ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, o INSS e calquera outros organismos que procedan así como cantas actuacións sexan necesarias para o a correcta extinción do organismo autónomo e a súa integración dos servizos e medios nos do Concello de Pontevedra.

Segundo.- Someter os presentes acordos aprobados inicialmente a información pública e audiencia os interesados, por un prazo de 30 días, para que se poidan formular reclamacións e suxestións. A estes efectos publicarase un anuncio de exposición pública no BOP. Tamén se publicará un anuncio de exposición pública no taboleiro de anuncios do Concello que permanecerá no mesmo durante 30 días.

Terceiro.- Considerar definitivamente aprobados os acordos anteriormente expostos no suposto de que non se presentasen reclamacións e suxestións. En caso de presentarse reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno que acordará, ao mesmo tempo a disolución e extinción definitiva do organismo autónomo.

Cuarto.- Proceder unha vez se aprobe definitivamente os acordos anteriores, a súa publicación íntegra no BOP, co texto completo dos mesmos, producindo efectos os días sinalados nos puntos dos acordos, previa publicación integra e o transcurso do prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local.

3. EXPEDIENTE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS POR FACTURAS PRESENTADAS POLA EMPRESA GENERALI ESPAÑA, S.A. SEGUROS Y REASEGUROS CORRESPONDENTES A EXERCICIOS ANTERIORES. 2020/FACTGRTRAM/000231.

De orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame favorable emitido pola Comisión de Economía e Facenda, na sesión de 14.10.2020, sobre a proposta do concelleiro de goberno delegado da área de Economía e Facenda de data 02.10.2020 (CSV 8H7Q3UKVZH02ZPQV).

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:PDBSG750KUGVBSFK

Sen intervencións realizase votación ordinaria, e o Pleno do Concello, por unanimidade (23), acorda a continuación do expediente e, en consecuencia aprobar as facturas, polos conceptos e importes e a nome do terceiro que se relacionan:

COD EXPTE	TERCEIRO	SERIE/ NÚMERO	DATA FACTURA / PRESENTACIÓN	DESCRICIÓN	APLICACIÓN/ OPERACIÓN/ COD SICAP	UNIDADE TRAMITADORA	TOTAL FACTURA
2020/FACTURA/005157	A28007268 / GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	Emit-GC 5498	10/07/2020 / 10/07/2020	SEGURO ZODIAC PROTECCION CIVIL. 11/10/2018 A 11/10/2019	2020-15-9202-22401 / 202000054189/ 123141	GE0003002 / PARQUE MÓBIL	137,17 €
2020/FACTURA/005158	A28007268 / GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	Emit-GC 5499	10/07/2020 / 10/07/2020	SEGURO EMBARCACION LIXEIRA (ZODIAC) PROTECCION CIVIL. 11/10/2019 a 11/10/2020	2020-15-9202-22401 / 202000054190/ 123142	GE0003002 / PARQUE MÓBIL	141,29 €
2020/FACTURA/005159	A28007268 / GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	Emit-GC 5500	10/07/2020 / 10/07/2020	SEGURO EMBARCACION LIXEIRA (ZODIAC) BOMBEIROS. 07/05/2019 a 07/05/2020	2020-15-9202-22401 / 202000054191/ 123143	GE0003002 / PARQUE MÓBIL	178,26 €
2020/FACTURA/005160	A28007268 / GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	Emit-GC 5501	10/07/2020 / 10/07/2020	SEGURO MOTO NAUTICA BOMBEROS. 01/03/2019 a 01/03/2020	2020-15-9202-22401 / 202000054192/ 123144	GE0003002 / PARQUE MÓBIL	264,23 €

Total: 720,95 €

4.- REVISIÓN DE TARIFAS POLA UTILIZACIÓN DO TRANSPORTE EN TAXIS NO CONCELLO PARA O ANO 2021. 2020/TARIFAS/000001.

De orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame favorable emitido pola Comisión de Réxime Interior, Persoal, Participación e Xustiza, na sesión de 14.10.2020, sobre a proposta do concelleiro de goberno delegado da área de obras urbanas e transportes de data 06.10.2020 (CSV HDNQRNQMLE1CGTD9).

(A continuación prodúcese o debate)

Rematada a intervención do concelleiro de goberno delegado da área de obras urbanas e transportes realízase votación ordinaria e o Pleno, por unanimidade (23) aproba a amentada proposta e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Desestimar a pretensión de establecer os días 24 e 31 de decembro como festivos, xa que estes dous días non aparecen na relación de días festivos na Comunidade Autónoma de Galicia nin na relación de días festivos locais.

Segundo.- Proceder á revisión das tarifas aplicables polo servizo de taxis do Concello de Pontevedra solicitada por don Javier Filgueira Alonso en representación da "TAXIS ASOCIACIÓN DE AUTOPATRONOS DE PONTEVEDRA CAPITAL E MUNICIPIOS", tendo en conta o aumento do Índice de Prezos ó Consumo, así como o estudio económico achegado polos autopatróns.

Terceiro.- Propoñer á Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia a aprobación das seguintes tarifas pola prestación do servizo público de transporte nos auto-taxis deste Concello (estes prezos serán incrementados co IVE que en cada momento se determine legalmente):

TARIFA 1		
	Sen IVA	IVA INCL.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:PDBSG750KUGVBSFK

		10%
Percepción mínima	3,41 €	3,75 €
Km. percorrido	0,98 €	1,08 €
Hora de espera	17,94 €	19,73 €
TARIFA 2		
	Sen IVA	IVA INCL. 10%
Percepción mínima	4,09 €	4,50 €
Km. percorrido	1,30 €	1,43 €
Hora de espera	19,97 €	21,97 €
SUPLEMENTOS APLICABLES ÁMBALAS DÚAS TARIFAS		
	Sen IVA	IVA INCL. 10%
Bultos (Maletas, baúles ou similares), Mascotas	0,5	0,55

Cuarto.- A Tarifa 2 será de aplicación durante o horario nocturno que comezará ás 22:00 horas ata as 6:00 horas do día seguinte. Tamén será de aplicación a Tarifa 2 durante os días festivos e os fins de semana que comezarán o sábado as 15:00 horas e finalizará o luns as 6:00 horas.

Quinto.- Remitir testemuño de acordo adoptado polo Pleno da Corporación á Comisión de prezos de Galicia da Xunta de Galicia para a autorización definitiva das tarifas propostas, para garantía dunha correcta prestación do transporte urbano e interurbano nos auto-taxis deste Concello cun razoable beneficio empresarial para os autopatróns.

5.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO TÉCNICO INDEPENDENTE SOBRE O CORTE DE TRÁFICO NA RÚA RAIÑA VICTORIA. 2020/INIPLENO/000026.

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente indica que existen dúas proposicións, puntos 5 e 6 da orde do día, que, tal e como se acordou na Xunta de Portavoces, serán obxecto de debate conxunto.

Seguidamente, de orde da Presidencia, a Secretaría do Pleno dá conta dos ditames desfavorables da Comisión de Mobilidade, Infraestruturas, Obras e Servizos, de data 13.10.2020, emitidos sobre cada unha das proposicións.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular é do seguinte teor literal:

"O Concello de Pontevedra, sen consensuar cos diferentes colectivos afectados, decidiu cortar de xeito unilateral a rúa Raiña Vitoria. Veciños, comerciantes, autónomos e empresarios demostraron a súa oposición férrea, e unha parte maioritaria da sociedade pontevedresa puxo de manifesto o seu rexeitamento a esta decisión imposta, por Lores e por Mosquera, sen escoitar a ninguén.

A decisión, segundo o Concello, tómase en base a unha circunstancia excepcional como é a pandemia. Algo absolutamente ridículo: se queres preservar o distanciamento social durante un recreo, podes tomar medidas durante o que dure o mesmo, non durante as 24 horas do día, sábados, domingos e festivos, ou ata en período non lectivo. É unha aberración que un alcalde tome unha medida política utilizando a pandemia como desculpa.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:PDBSG750KUGVBSFK

Se utilizar a pandemia como escusa para a toma de decisións políticas é grave, utilizar o recreo dos nenos para pechar a rúa todo o día é tomar o pelo aos pontevedreses.

Aquí non está en cuestión o modelo de cidade, que tantos éxitos deu a Pontevedra, e co que todos estamos de acordo. Aquí está en cuestión a pechadura dunha arteria principal da cidade, sen consenso cos partidos, sen consenso cos partidos políticos, utilizando desculpas falsas e sen os informes técnicos completados.

Por ser unha decisión non estudada completamente, por ser unha decisión ditatorial non debatida con oposición, con veciños, con asociacións, co comercio local, en base a unha escusa falsa que falta á intelixencia dos pontevedreses, propoñemos

PROPOSTA DE ACORDO:

1. Instar ao Concello de Pontevedra ao encargo dun estudo de tráfico e un plan de mobilidad sostible que analice a viabilidade do corte ao tráfico na rúa Raiña Vitoria.

2. Ata a obtención dos resultados de ambos estudos, reapertura inmediata da rúa Reina Vitoria"

(A continuación prodúcese o debate)

Rematado o debate, realízase votación ordinaria sendo o seu resultado:
En contra: 14 (10 BNG: e 4 PSOE)
A favor: 9 (8 PP; e 1 Non adscrito)

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, rexeita a proposición do grupo municipal do Partido Popular para a realización dun estudo técnico independente sobre o corte de tráfico na rúa Raiña Victoria.

6.- PROPOSICIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOBRE O CORTE DE TRÁFICO NA AVENIDA RAIÑA VICTORIA. 2020/INIPLENO/000025.

Do ditame desfavorable da Comisión de Mobilidade, Infraestruturas, Obras e Servizos emitido sobre a presente proposicións deu conta a Secretaría xunto co punto 5 da orde do día.

O texto da proposición presentada polo Concelleiro non adscrito é do seguinte teor literal:

"Sorpresa, estupor, indignación...esta e outras expresións parecidas son o sentir dos veciños afectados pola última volta de tuerca do Sr. Mosquera á circulación en Pontevedra.

Sen estudar as súas consecuencias, sen falar con todos os partidos políticos da corporación municipal e sen ter en consideración a realidade dos veciños, así é como se tomou esta decisión. Don Cesáreo Mosquera, amparándose na pandemia do COVID-19, decidiu pechar a Avenida de Raíña Vitoria, eixe fundamental de comunicación este-oeste da nosa cidade. Pese a que a medida foi implantada fai escasos días, os problemas que causou xa son evidentes: colapsouse a Av. María Vitoria Moreno, a rúa Rosalía de Castro, a rotonda Manuel do Palacio-Av. María Vitoria Moreno e a rotonda Manuel do Palacio-Av, de Marín.

Isto supón todo un logro do Sr. Mosquera que, cada día supérase máis en provocar que Pontevedra sexa a primeira cidade do mundo onde a velocidade de circulación sexa de 1km/h. O que resulta sorprendente, tendo en conta o obxectivo do goberno municipal de reducir a contaminación emitida polos automóbiles, xa que o corte dunha avenida con tanto tráfico provoca grandes atascos, que supoñen unha emisión de C02 maior pola escasa

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:PDBSG750KUGVBSFK

velocidade e os motores acesos mentres se está parado.

A normativa dos IES Sánchez Cantón di que poden saír do centro os alumnos de 3º, 4º da ESO e os alumnos de lº e 2º de bacharelato. Con tan só botar unha ollada estes días á avenida, podíase observar como os estudantes se amoreaban nunha pequena zona da rúa, mentres que o resto do espazo permanecía baleiro. Isto pon de manifesto a precipitación coa que se tomou a decisión, que podería supor un paso inicial para a pechadura definitiva da avenida.

S¡ ben é necesario xestionar o espazo en que os alumnos do centro entran, saen e realizan a súa pausa, pechar a rúa ao tráfico ten un efecto prexudicial non só para os veciños da zona e a súa mobilidade, senón tamén para os veciños do rural e concellos limítrofes, que deixan de vir a Pontevedra. Esta redución no fluxo de persoas supoñerá un novo varapau á actividade comercial da cidade.

O corte dunha rúa non ten consecuencias únicamente sobre a circulación dos coches da cidade, afecta aos veciños, aos repartos e subministracións, aos autónomos e aos empresarios que reciben outro golpe máis na súa economía xa maltreita pola crise do COVID-19. Non é só unha cuestión de cortar ou non cortar unha avenida, senón de ter en conta a realidade dos veciños e da cidade á hora de tomar as decisións.

Proposta de acordo:

Solicito ao goberno municipal a levantar de forma inmediata o corte da avenida Raiña Victoria e implementar medidas alternativas de mobilidade para os alumnos do Sánchez Catón, sendo posible a utilización do Parque das Palmeiras como lugar de esparcemento nas horas do recreo.

Esta opción permitiría manter a mobilidade da cidade inalterada, mentres que os estudantes poden manter a distancia de seguridade e as medidas necesarias durante as súas horas de descanso."

(O debate da presente proposición realizouse de xeito conxunto co anterior punto da orde do día).

Rematado o debate, realízase votación ordinaria sendo o seu resultado:
En contra: 14 (10 BNG: e 4 PSOE)
A favor: 9 (8 PP; e 1 Non adscrito)

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, rexeita a proposición do grupo municipal do Partido Popular para a realización dun estudo técnico independente sobre o corte de tráfico na rúa Raiña Victoria.

7.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A DEFENDER A ORDE CONSTITUCIONAL. 2020/INIPLENO/000027

De orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame desfavorable emitido pola Comisión de Réxime Interior, Persoal, Participación e Xustiza, na sesión de 14.10.2020, sobre a proposición que figura no asunto.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular é do seguinte teor literal:

"A Constitución Española, apoiada polo 88,54% dos españois, é o froito da transición española, un dos feitos histórico-políticos polos que o noso país é admirado internacional-

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:PDBSG750KUGVBSFK

mente posto que se logrou pasar dunha ditadura á democracia dun xeito exemplar.

A nosa Carta Magna constitúe a norma suprema do ordenamento xurídico español e, ademais de establecer os dereitos e deberes dos españois, fixa as institucións básicas da nosa democracia como son a Coroa, as Cortes Xerais, o Goberno e o Poder Xudicial.

Os españois e os poderes públicos estamos suxeitos ao cumprimento da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, especialmente aqueles que integran calquera das mencionadas institucións.

Así, tanto os membros das Cortes Xerais e do Goberno central, autonómico ou local, así como quen integran o Poder Xudicial comprométense a desenvolver o seu labor "cumprindo fielmente as súas obrigas, con lealdade ao Rei e gardar, e facer gardar, a Constitución como norma fundamental do Estado" cando toman posesión do seu cargo.

Doutra banda, a nosa Constitución tamén recolle a unidade de España, a separación de poderes, a solidariedade entre rexións e CCAA, e a liberdade (por exemplo, para elixir a lingua na que se expresan ou na que estudan os seus fillos) e igualdade dos españois como elementos fundamentais do noso Estado de dereito.

Nos últimos anos, diversos movementos e grupos políticos, ata algúns que teñen responsabilidades de goberno e que xuraron "cumprir e facer cumprir a Constitución", puxeron en marcha un proceso para liquidar a nosa democracia e o sistema político xurdido do exemplar proceso da transición española.

Para logralo, puxeron en dúbida a lexitimidade da nosa Carta Magna, establecendo unha falsa relación entre os problemas dos españois e os artigos da nosa lei de leis; manobraron para estigmatizar e baleirar de contido as institucións que nos definen como Estado de dereito; e algúns, ata, chegaron a vulnerar abertamente as leis que todos nos demos.

As noticias que se sucederon nos últimos meses e semanas e as declaracións dos ministros en sé parlamentaria poñen de manifesto como os ataques á Constitución e ás máis altas institucións do Estado, co Rei á cabeza, foron crecendo mentres o Goberno de España non só incumpriu a súa obriga de "gardar e facer gardar a Constitución", senón que virou cara a postulados extremos, próximos a quen agrede a nosa orde constitucional.

Ante estes ataques a todo aquilo que nos define como unha democracia e un Estado de dereito moderno, o Grupo Municipal Popular no Concello de Pontevedra presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Instar ao Goberno de España a defender a orde constitucional e a:

- Reivindicar a Constitución de 1978 froito da transición española como base da nosa democracia e alicerce fundamental da extraordinaria transformación económica e social do noso país durante os últimos 42 anos.

- Respectar, de forma inequívoca, a separación de poderes que constitúe un dos fundamentos do noso estado de dereito.

- Defender a unidade da nosa nación e a igualdade, en dereitos e deberes, de todos os españois.

- Protexer e respectar as institucións do Estado, en especial ao Rei, como encarnación dos preceptos recolleitos na nosa Carta Magna.

Dar traslado deste acordo ao presidente do Goberno e á presidenta e portavoces dos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados."

(A continuación prodúcese o debate).

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:PDBSG750KUGVBSFK

(Incidencias.- Incorpórase á sesión, mediante videoconferencia, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Ana Isabel Vázquez Reboredo).

Rematado o debate, realízase votación ordinaria sendo o seu resultado:
En contra: 14 (10 BNG: e 4 PSOE)
A favor: 10 (9 PP; e 1 Non adscrito)

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, rexeita a proposición do grupo municipal do Partido Popular para instar ao Goberno de España a defender a orde constitucional.

8.- RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A ADHESIÓN DO CONCELLO AO PROGRAMA XANTAR NA CASA DA XUNTA DE GALICIA. 2020/INIPLENO/000028.

A instancia do Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), ratificase a súa inclusión por urxencia.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular é do seguinte teor literal:

"Segundo datos do INE de 2019, a esperanza de vida na CA. Galega sitúase nos 83,3 anos de media. Este aumento da esperanza de vida fai que cada ano que pasa a poboación galega estea máis envellecida. En Pontevedra o índice de envellecemento crece ata o 20,1% do total da poboación, o que supón preto de 17.000 pontevedreses.

Dende o Concello non debemos deixar de lado aos nosos cidadáns máis vulnerables e máis nestes tempos tan incertos, e é noso deber dar resposta ás necesidades creadas pola pandemia.

O programa Xantar na Casa concíbese como un programa social de atención nutricional e está dirixido aos colectivos de persoas maiores e/ou en situación de especial vulnerabilidade. A súa finalidade e obxectivo fundamental é o de prestar apoio no domicilio a quen o precise e así o demande, mediante prestacións alimentarias e de seguimento persoal para mellorar a calidade de vida e a autonomía dos seus usuarios.

Este programa xorde en outubro do 2008 e se articula a través da xestión do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Consellería de Política Social e cos concellos de Galicia que están adheridos ao programa. Esta colaboración se formaliza mediante a firma dos correspondentes convenios de xestión.

Na actualidade, o Programa Xantar na Casa está totalmente implantado no territorio galego. Xa son ao redor de 200 concellos adheridos os que han delegado na Xunta a posta en funcionamento deste programa, que xa leva funcionando con éxito dende 2008.

PROPOSTA DE ACORDO:

Instar ao Goberno local de Pontevedra a dar os pasos necesarios para adherirse ao Programa Xantar na Casa da Xunta de Galicia."

(A continuación prodúcese o debate).
(Incidencias.- Incorpórase á sesión, mediante videoconferencia, o concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Raimundo González Carballo).

Rematado o debate, realízase votación ordinaria sendo o seu resultado:

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:PDBSG750KUGVBSFK

En contra: 15 (11 BNG: e 4 PSOE)
A favor: 10 (9 PP; e 1 Non adscrito)

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a proposición do grupo municipal do Partido Popular para a adhesión do Concello ao programa Xantar na Casa da Xunta de Galicia.

C) MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentaron.

D) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL.

9. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS. (2020/RESMENSUAL/0000010).

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos da Alcaldía e resolucións dos concelleiros de goberno e do persoal directivo, correspondentes ao mes de setembro de 2020, incluídos no expedientes 2020/RESMENSUAL/000010.

10. TOMA DE COÑECEMENTO DE DECRETO DE NOMEAMENTO DE MARCOS REY PAZOS COMO VOGAL DE DETERMINADAS COMISIÓNS DO PLENO. 2019/CREACIONCOMINFORM/000001.

O Pleno do Concello toma coñecemento do decreto referido no epígrafe.

11. TOMA DE COÑECEMENTO DE DECRETO DE MODIFICACIÓN DAS ÁREAS DE GOBERNO, CONCELLEIROS RESPONSABLES DAS DISTINTAS ÁREAS E DELEGACIÓNS ESPECIAIS POR TOMA DE POSESIÓN DE MARCOS REY PAZOS. 2020/AREASDELEG/000005

O Pleno do Concello toma coñecemento do decreto referido no epígrafe.

12. TOMA DE COÑECEMENTO DO DECRETO DE DESIGNACIÓN DE MARCOS REY PAZOS PARA O DESEMPEÑO DA DELEGACIÓN DA ALCALDÍA EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA PARCIAL. 2019/NOMCONCELLDEDIC/000001

O Pleno do Concello toma coñecemento do decreto referido no epígrafe.

13. TOMA DE COÑECEMENTO DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2020/MODORZA/000007-10TOMA DE COÑECEMENTO DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2020/MODORZA/000007-10

O Pleno do Concello toma coñecemento dos expedientes de modificación de crédito referidos no epígrafe.

14. PREGUNTAS.

Non se presentaron preguntas.

15. ROGOS.

Non se formularon rogos.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:PDBSG750KUGVBSFK

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás 14:05 horas, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Dilixencia.- O presente documento reproduce o contido dos acordos adoptados na sesión ordinaria do pleno do concello de data 19.10.2020 (documento con código seguro de verificación (CSV: UOSKYFCSVL63ZAY2).
Inclúe, en cada punto da orde do día, un enlace ao vídeo das intervencións producidas.

O Secretario,

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 26/10/2020
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:PDBSG750KUGVBSFK